



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE CATABOIS
CURSO: 2º ESO
MATERIA: Lingua Galega e Literatura
DEPARTAMENTO: Lingua Galega e Literatura
DATA: 8 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación
Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria) CSC, CCL	Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade académica, tanto espontáneas como planificadas
Sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. CCL, CAA	
Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto. CCL	
Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. CCL	
Recompila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de Internet. CCL, CAA	Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.
Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. CCL, CD	Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descricións.
Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido. CCL	
Utiliza un vocabulario preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa. CCL	Usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.
Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. CCL	Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual. CCL	Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.
Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos. CCL	Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.
Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. CCL	Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.
Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. CCL, CCEC	Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.


<p>Le obras literarias e expón unha opinión persoal sobre a lectura relacionando o seu sentido coa propia experiencia. CCL, CSC</p>	<p>Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos.</p>
<p>Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. CCL, CSC</p>	<p>Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo</p>
<p>Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural. CCL, CSC</p>	<p>Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade</p>



2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entregar todas as tarefas feitas. (40%) • Presentar as tarefas ordenadas e claras. (20%) • Realizar con corrección gramatical e ortográfica as tarefas. (40%)
	<p>Instrumentos: tarefas</p>
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O alumnado coa materia xa aprobada: sumar á media das dúas primeiras avaliacións ata 2 puntos segundo a consecución das tarefas de reforzo e repaso. • Alumnado coa materia suspensa: valoración das tarefas de recuperación (50%) e as tarefas de reforzo do terceiro trimestre (50%).
Proba extraordinaria de setembro	<ul style="list-style-type: none"> • Entregar feitas as tarefas de recuperación ou, de non ser entregadas, realizar unha proba obxectiva cos contidos desenvolvidos ata o 13 de marzo.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ler con comprensión distintos tipos de texto. • Sintetizar mediante resumos o contido dun texto. • Producir textos de diferente tipoloxía cun mínimo de corrección ortográfica e morfolóxica da lingua galega. • Ler textos literarios, comprendelos, analízalos e expoñer unha idea persoal sobre a lectura.
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As dúas entregas de tarefas propostas para reforzo e recuperación, terán un valor do 80% da cualificación final. • O seguimento da evolución do alumnado no curso actual (presencial e telemático), referente á adquisición de contidos do nivel que ten que recuperar, terá un valor do 20% da cualificación final.
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tarefas de reforzo e recuperación. • Seguimento do seu progreso.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas de repaso e reforzo • Tarefas adaptadas para o alumno con NEAE tendo en conta a ACS
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado con conectividade: Publicar as tarefas na páxina web do instituto, responder as dúbidas e subir as tarefas corrixidas polo correo electrónico. • Alumnado sen conectividade: Indicacións de tarefas do libro de texto, material fotocopiado e a posibilidade de podelas corrixir mandando unha foto.
Actuacións (levadas a cabo co alumnado para o seguimento das clases)	A maneira que teño para as explicacións e aclaración de dúbidas é a través do correo electrónico.
Materiais e recursos	Libro de texto e correo electrónico.

Ferrol, 8 de maio de 2020



Xefa de Departamento

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información é a través do correo electrónico ou Abalar
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.